

RESOLUCIÓN DO 12 DE MARZO DO 2026 DA DIRECTORA XERAL DA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA, S.A. POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO PARA A REALIZACIÓN DA PROBA TIPO TEST CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 3 DE ABRIL DE 2025 (DOG nº 80, DO 28 DE ABRIL DE 2025)

A Resolución do 3 de abril do 2025 de convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza como persoal laboral fixo na categoría profesional de Ordenanza da Corporación establecía un prazo de corenta (40) días hábiles para a realización da proba tipo test, contado dende o día seguinte ao da constitución do tribunal avaliador. O tribunal constituíse o día 18 de febreiro do 2026.

Adoptado o acordo en sesión de tribunal solicitouse, pola súa secretaría e dentro dos límites establecidos pola normativa, a ampliación do prazo de realización da proba tipo test polo prazo máximo permitido.

En consecuencia e, en virtude das razóns expostas, a Dirección Xeral da Corporación, **RESOLVE:**



PRIMEIRO. A ampliación do prazo da realización da proba tipo test do proceso selectivo convocado polo máximo permitido pola lei (vinte días hábiles).

SEGUNDO. Publicar esta resolución para os efectos que procedan.

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

A Directora Xeral da CSAG

María Concepción Pombo Romero



CORPORACION
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA
Dirección Xeral